



## REGULAMENTO da andaina “IV PONTEANDAR 50 KM” 2017

### **ORGANIZACIÓN**

O día 23 de setembro do 2017, o Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo e a Federación Galega de Montañismo, contando coa colaboración do Concello de Pontevedra, Deporte Pontevedra, Concello de Barro, Concello de Moraña, Concello de Campo Lameiro, Supermercados Froiz, Alimentación Isabel, Chema Sport, Panaderías Acuña e Deputación de Pontevedra, organiza a andaina “IV PONTEANDAR 50 KM” de Pontevedra, valedoira para a Copa Galega 2017 de Andainas de 50 km da Federación Galega de Montañismo.

Paralelamente desenvolverase unha andaina cun percorrido de 30 km, que salvo un tramo de conexión de 2 km, coincide co itinerario da Andaina de 50 km.

### **INSCRICIONS**

Para participar na andaina hai que ser maior de idade, os menores de 18 deberán vir acompañados dun adulto, que os acompañara durante todo o percorrido.

Aconsellase ter unha boa condición física, xa que tratase dunha proba de fondo que transcorrerá en gran parte do seu percorrido por camiños de monte e pistas non asfaltadas.

Peche de inscricións o mércores día **20 de setembro** ás **22:00 h**

### **COTA de PARTICIPACIÓN**

NON Federados ..... **15,00 €**  
FEDERADOS en Montaña ..... **10,00 €**

A inscrición deberá realizarse cubrindo o formulario dispoñible en [www.aromon.es](http://www.aromon.es) e ingresando o transferindo a cota correspondente na conta de ABANCA – **ES08-2080-5403-4030-4011-8709**, indicando no **concepto** o código **“50km + nome e apelidos do participante”** ou nome do club (no caso de pago de varios participantes).

Finalmente, enviar un correo-e a [aromon@aromon.es](mailto:aromon@aromon.es) solicitando a inscrición no “IV PONTEANDAR” e achegando ficha de inscrición, debidamente cumprimentada, e o xustificante de ter feito o ingreso da cota correspondente. Os federados tamén terán que enviar copia da súa federativa en vigor.

Toda inscrición considerarase efectiva unha vez se teña comprobado o pago do participante.

O participante recibirá contestación por parte da organización, no correo-e indicado na ficha, confirmando a súa correcta inscrición, ou situación de espera indicando a razón da mesma.

### **SAÍDA**

A saída efectuarase dende o Pavillón Multiusos da Xunqueira, sito na Rúa Celso Emilio Ferreiro (zona do Campus Universitario), ás **09:00** horas. O peche da proba está previsto no mesmo lugar ás **21:00** horas para a chegada dos participantes e ás **21:30** horas procederemos a clausura da andaina.

Para un bo desenvolvemento do control de asistencia e entrega da tarxeta de control, é preciso estar no lugar de saída 1 hora antes do inicio da andaina.

## ITINERARIO

A ruta estará debidamente sinalizada por cintas (indicarse no intre da saída), con frechas de pintura laranxa e con balizas orientativas de cor vermello.

Os tramos da andaina que crucen ou percorran estradas non estarán cortadas ao tráfico, debendo gardar as normas xerais de Tráfico e as indicacións da Organización.

## CONTROIS DE PASO

Os participantes deberán pasar por estes controis dentro duns tempos máximos e mínimos. Establecéndose unha velocidade aproximada máxima de 7 km/h e mínima de 4,2 km/h.

**1º Control e Bifurcación.** Estará situado no **km 10,900** - **PONTILLÓN do CASTRO**  
Abre ás 10:33 h e pecha ás 11:35 horas.

**2º Control.** Estará situado no **km 21,400** - **BAROSA**  
Abre ás 12:03 h e pecha ás 14:06 horas.

**3º Control.** Estará situado no **km 29,600** - **CAMPA do ACIBAL**  
Abre ás 13:14 h e pecha ás 16:03 horas.

**4º Control.** Estará situado no **km 39,800** - **SAN ANDRÉS de XEVE**  
Abre ás 14:41 h e pecha ás 18:29 horas.

**5º Control.** Estará situado no **km 50,000** - **PONTEVEDRA**  
Abre ás 16:09 h e pecha ás 21:00 horas.

Para os participantes na ruta de 30 km establécense os seguintes puntos de control.

**1º Control e Bifurcación.** Estará situado no **km 10,900** - **PONTILLÓN do CASTRO**  
Abre ás 10:33 h e pecha ás 11:35 horas.

**2º Control.** Estará situado no **km 20,300** - **SAN ANDRÉS de XEVE**  
Abre ás 11:54 h e pecha ás 13:49 horas.

**3º Control.** Estará situado no **km 30,000** - **PONTEVEDRA**  
Abre ás 13:17 h e pecha ás 16:09 horas.

Todo participante que chegue ós puntos de control e avituallamento antes do horario de apertura, non terá asistencia nin se lle rexistrará o paso, podendo ser retido nestes puntos ata a apertura dos mesmos.

Na mesma, todo participante que exceda do tempo de paso por estes puntos de control deberá abandonar a proba e será retornado en vehículos da organización ata o punto final da Andaina.

Soamente se entregará o diploma valedoiro para a “Copa Galega de Andainas de 50 km” ós participantes que dentro dos tempos establecidos superen todos os controis de paso e realicen a totalidade do percorrido.

Ós restantes participantes, si o requiren, se lles entregará un diploma participativo.

Salvo causas de forza maior, no caso de abandono da andaina, realizarase nos puntos de control.

## AVITUALLAMENTOS

Ca intención de prover ós participantes de alimentación líquida e sólida, establécense como puntos de avituallamento os sinalados como puntos de control.

Mesmamente, no caso de ser un día de calor, pódese establecer a maiores dos indicados un punto de avituallamento líquido, situado no km 43,300. Abre 15:11 h e pecha ás 19:19 horas.

## OBSERVACIONES

Aconsellable levar operativo o teléfono móbil co obxecto de comunicarse ca organización en caso de que xurda calquera problema ou incidencia.

Se recomenda levar un bidón o cantimplora, co obxecto de abastecerse de líquidos nos puntos de avituallamento o nas fontes que se atopan no percorrido.

Queda terminantemente prohibido arroxar desperdicios fora dos lugares habilitados para elo nos puntos de avituallamento.

No Pavillón Multiusos da Xunqueira estarán abertas as duchas a partir das 13:00 horas.

### **IMPORTANTE**

A organización conta cos permisos (Xunta, Concellos e CMVMC) e seguros obrigados (accidentes e RC) para o desenvolvemento deste evento.

A organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidese ser causa ou vítima o participante, como tampouco se fai solidaria dos gastos nin das débedas que puidesen contraer os participantes durante o evento. O participante exime á organización de responsabilidade por perda ou deterioro de obxectos persoais por calquera circunstancia.

Os menores de 18 anos deberán participar acompañados en todo o percorrido dun responsable maior de idade.

A organización reservase o dereito a modificar calquera punto do percorrido sen previo aviso por causas meteorolóxicas, seguridade ou causas de forza maior.

A organización resérvase o dereito de poder retirar a calquer participante que entenda que non se atope nas condicións físicas necesarias para rematar a proba.

O feito de inscribirse e participar na andaina "IV PONTEANDAR 50 KM" de Pontevedra, supón a total aceptación deste regulamento.

### **PROTECCIÓN DE DATOS E CESIÓN DE IMAXES**

O Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo, cumprindo a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, informa aos participantes que tomará as medidas necesarias para evitar que os datos que aporta coa súa inscrición teñan un tratamento ou acceso non autorizado. A inscrición comporta o consentimento do participante para que a través dos seus datos se lle poida informar de futuras edicións desta proba. Todos os participantes ao aceptar este Regulamento autorizan expresamente ao Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo o uso das imaxes capturadas durante o desenrolo da proba para fins promocionais de contido deportivo.